

ACORDO SOBRE AMPLIACIÓN DA DURACIÓN DO PERMISO DE PATERNIDADE APLICABLE AO PROFESORADO PERTENCENTE AOS CORPOS DOCENTES UNIVERSITARIOS.

(Consello de Goberno de 14 de marzo de 2016)

O persoal das universidades públicas galegas está sometido a diversos rexímenes xurídicos e laborais, segundo sexa Persoal Docente e Investigador ou Persoal de Administración e Servizos ou si o seu vínculo reviste a forma dunha relación laboral ou dun nomeamento de carácter funcional. En determinados casos os desfases na actualización e modificación das normas por parte das autoridades autonómicas ou estatais obriga ás universidades a buscar a forma de evitar un trato diferente entre persoal que serve a unha mesma institución e dentro de cada colectivo diferenciado, PAS e PDI, con funcións semellantes..

No caso que nos ocupa, os permisos por paternidade, o persoal universitario está sometido, no seu carácter de empregado público, ao previsto no Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo RDL 5/2015, do 30 de outubro (BOE do 31), que aínda que prevee no seu artigo 49 c) un permiso retribuído por paternidade polo nacemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo dunha duración de catro semanas ven pospoñendo a súa aplicación dende fai varios anos, á última ao 1 de xaneiro de 2017, mediante a disposición adicional 11 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2016.

Este permiso por paternidade é aplicado ao PAS das universidades galegas cunha duración de vinte e nove días naturais segundo o previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (DOG do 4 de maio de 2015), en concreto no seu artigo 124, "Permiso do outro proxenitor por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo".

Así mesmo, o Persoal Docente e Investigador Laboral pode gozar deste permiso, de vinte e nove días naturais ao estar o mesmo recollido no artigo 37.2 c) do II Convenio Colectivo do PDI laboral das universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo "Permiso de paternidade polo nacemento, acollemento ou adopción dun fillo ou dunha filla".

No caso do PDI pertencente aos corpos universitarios a aplicación deste permiso, ao día de hoxe e mentres se manteña a suspensión do previsto no artigo 49 c) do Texto Refundido do Estatuto Básico do Emprego Público, está supeditado a un acordo no seo da propia universidade, por esta razón o Consello de Goberno, a proposta do reitor da Universidade de Vigo, e unha vez escoitada a Mesa de Negociación do PDI, acorda:

O Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo pertencente aos corpos docentes universitarios terá dereito a un permiso de paternidade polo nacemento, acollemento ou adopción dunha filla ou dun fillo dunha duración de vinte e nove días naturais, que gozará o pai ou a outra persoa proxenitora a partir da data do nacemento, da decisión administrativa ou xudicial de acollemento ou da resolución xudicial pola cal se constitúa a adopción. No caso de parto, acollemento ou adopción múltiple, o permiso será de trinta e cinco días naturais.

Este acordo entrará en vigor na mesma data da súa aprobación.

Vigo, 14 de marzo de 2016